



CG/pgm/ap

Asunto	Solicitud de informe sobre o estudo de impacto ambiental	Clave	PE/LU/001/21(1)
Proxecto	Parque eólico Serra do Furco		
Espazo natural	Ningún		
Conca fluvial	Miño-Navia		
Concello	Becerreá		
Provincia	Lugo		
Solicitante	Servizo de Enerxía e Minas de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	Ref.	IN408A/2020/087
Promotor	Enel Green Power España S.L	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante escrito do 13/09/2022 do Servizo de Enerxía e Minas de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

O Promotor presenta os documentos seguintes:

- “ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL PARQUE EÓLICO “SERRA DO FURCO”. Documento asinado o 13.06.2022.
- Arquivo en formato shapefile coa representación gráfica do parque eólico.

II. Resumo de algúns aspectos da documentación achegada: proxecto, estudio de vexetación, hábitats e fauna.

– Descrición do proxecto

O proxecto consiste na execución dun parque eólico de 40 MW de potencia total, no concello de Becerreá, composto por 7 aeroxeradores (5 de 6 MW de potencia





unitaria e 2 de 5 MW, 105 m de altura de buxa e diámetro de rotor de 170 m) e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado (33 kV), subestación transformadora 30/220 kV (104 x 50 metros y una superficie aproximada de 5.200 m²), edificio de control e unha torre meteorolóxica.

A lonxitude total de gabias a construír é de 8.630 m.

A lonxitude total dos viais interiores é de 5.424 m aproximadamente, 3.920 m de viais de nova construción, 1.504 m de viais existentes adaptados aos requisitos dos transportes especiais.

A liña de alta tensión en 220 kV de evacuación da enerxía xerada é obxecto doutro proxecto.

– Resumo do inventario ambiental (vexetación, hábitats e fauna).

❖ Vexetación actual.

Mediante traballo de campo e unha análise GIS apoiado en ortofoto (Ortofoto PNOA Máxima Actualidade), o Mapa de Cultivos e Aproveitamentos, e a cartografía do Atlas e Manual dos Hábitats Naturais e Seminaturales de España; cartografáronse as unidades de vexetación descritas nunha área de 500 metros ao redor dos aeroxeradores e 100 metros en torno ao resto das infraestruturas do proxecto. Obtendo o seguinte resultado en canto a afeccións directas:

ACCIÓN DEL PROYECTO	Superficies afectadas (m²)				Totales (m²)
	Pinar	Matorral	Pastizal	Matorrales con arbolado disperso	
Plataformas, TM, SE y SITE CAMP					
Totales	45.615,60	33.595,10	33.121,30	5.995,00	118.327,00
Viales					
Totales	34.264,53	28.522,65	28.694,69	3.883,20	95.365,08
Zanjas					
Totales	1.664,70	1.267,64	1.278,93	205,86	4.117,13
Taludes					
Totales	10.774,45	8.204,53	8.277,63	1.332,40	28.589,0
TOTAL AFECCIONES	92.319,28	71.589,92	71.372,55	11.416,46	246.398,21

– Repoboacións de piñeiro.

Sobre elas sitúanse os aeroxeradores SF05, SF06 e SF07, e limitan coas





posicións de SF01, SF02, SF03, así como da estación meteorolóxica. A subestación tamén se empraza nunha parcela que foi de piñeirais de repoboación, aínda que foi tallada hai poucos anos e na actualidade só persisten algúns poucos brinzales de *P. sylvestris* brotando entre a matogueira.

— Pasteiros.

Sobre esta explotación emprazarase o aeroxerador SF04 e quedará tamén a poucos metros o SF05.

Así mesmo, o aeroxerador SF01 e a zona de provisións emprázanse tamén sobre praderías a pastos.

— Matogueira

En xeral trátase de matogueira heliófilo de transición, produto da invasión de pasteiros abandonados hai poucos anos. Está composto maioritariamente por *Ulex minor*, *U. europaeus*, *Cytisus scoparius*, *Erica vagans*, *E. ciliaris*, *E. arborea*. Sobre esta unidade proxectáronse os aeroxeradores SF02 e SF03 e a estación meteorolóxica.

— Bosques de frondosas.

Esta unidade de vexetación está presente dentro da poligonal do parques e restrínxese basicamente á ladeira norte, non se intercepta polas infraestruturas do proxecto.

Están compostos por exemplares de pouco porte aínda dominados por carballo *Quercus robur*, e con presenza de bidueiro (*Betula alba*), arce sicomoro (*Acer pseudoplatanus*) e salgueiros *Salix atrocinerea* e *S. caprea*, con algún exemplar no sotobosque de majuelo *Crataegus monogyna* e acivro *Ilex aquifolium*.

❖ Flora.

Comprobouse que ningunha das especies presentes no inventariado queda incluída no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.





Ademais, cotexouse que ningunha das especies presentes no inventariado queda incluída no Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.

Non se refire a realización de un inventario de campo, e por conseguinte tampouco se describe este, metodoloxía, material e métodos, resultados, datas de realización. Etc. Estas mesmas carencias se detectan no estudio de vexetación, a única diferenza e que neste de modo xenérico si se sinala que se fíxo traballo de campo.

❖ Hábitats naturais de interese comunitario.

As infraestruturas do proxecto non interceptan ningún hábitat prioritario.

As infraestruturas do proxecto interceptan dous teselas, en concreto, unha pequena parte dos viais interceptan a tesela 42944 que contén os hábitats non prioritarios: 9230 *Linario triornithophorae-Quercetum pyrenaicae*, (*Robledales galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pyrenaica*) e 6210 (*Helianthemo cantabrici-Brometum erecti*, *Lastonares de Brachypodium rupestre orocantábricos occidentais*) e unha pequena parte dos viais, gabias e plataformas do aeroxerador SF07 interceptan a tesela 42957 que contén o hábitat non prioritario: 4090 (*Cytisetum striati*, *Breazales oromediterráneos endémicos con aliaga*). As infraestruturas do proxecto non interceptan ningún hábitat prioritario.

Como para a flora non se refire a realización de traballo de campo algún. Si se indica, pola contra, que como base para a súa elaboración utilizouse a Cartografía do Inventario de Hábitat da Directiva 92/43/CE actualizado en 2005.

❖ Avifauna.

A metodoloxía de traballo de campo baseouse na realización de transeptos e puntos de observación, 8.860 m. De transepto e 2 puntos de observación. Para a realización do percorrido, e localización de puntos de observación,





seguíronse as metodoloxías de traballo de Bibby et al 2000 e Shuterland et al 2004.

Segundo as Bases de Datos do Inventario Español de Especies Terrestres do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, nas cuadrículas nas que se localiza a área de estudo rexistráronse 93 especies de aves, das cales, o aguilucho cenizo (*Circus pygargus*) está catalogado como vulnerable polo Catálogo Español de Especies Ameazadas e polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Ademais, o CGEA tamén considera como vulnerable ao aguilucho pálido (*Circus cyaneus*).

En canto ás aves rapaces, contabilizáronse 9 exemplares de 2 especies. Do total rexistrado, o busardo miñado, *Buteo buteo*, co 88,88% dos avistamentos, foi o ave rapaz máis común e frecuente. A outra especie, o peneireiro vulgar, *Falco tinnunculus*, detectouse un único exemplar.

❖ Quirópteros.

A prospección para os estudos previos de quirópteros no parque eólico Serra do Furco leva a cabo mediante estacións fixas de mostraxe con detector do modelo SM4BAT-FS ou MiniBat Song de Wildlife Acoustics, cun funcionamento de 5 días de cada 20 durante todo o período horario desde 15 minutos antes da posta do sol ata 3 horas despois da mesma, porque é cando teñen a maior actividade. Ademais, 10 minutos de cada hora ao longo do resto da noite ata o amencer para coñecer o uso do tempo ao longo da noite. Durante este tempo o detector actívase cada vez que detecta un ultrasón.

Segundo as Bases de Datos do Inventario Español de Especies Terrestres do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, non hai constancia de especies de mamíferos quirópteros nas zonas estudadas. Con todo, en base ao Atlas de morcegos de Galicia (Fonte: Morcegos de Galicia), na contorna do parque podería residir a especie *Rhinolophus hipposideros*, que aparece en ambos os catálogos, tendo a condición de Vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.



Como punto de partida para a investigación dos quirópteros potencialmente presentes na contorna, en sentido amplo do parque eólico Serra do Furco realizou unha procura bibliográfica das especies de morcegos que poden estar potencialmente presentes na zona ámbito de actuación, así como unha recompilación de toda a información previa dispoñible.

❖ Resto de fauna

Para o resto da fauna diferente a aves e quirópteros nin sequera se refire a realización de traballo de campo, so se recorre a Datos del Inventario Español de Especies Terrestres del Ministerio de Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

III. Análise da documentación

Examinada a documentación recibida, e solicitude efectuada, realízase a seguinte análise:

1. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
2. A zona onde se desenvolve o proxecto non se atopa en ningún espazo que, neste momento, se atope en estudo na Dirección Xeral de Patrimonio Natural por reunir importantes valores ambientais.
3. De conformidade co artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais.
4. Revisado o Inventario de humidais de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, obsérvase que, o desenvolvemento do proxecto no afecta zonas húmidas inventariadas.





5. A poligonal do proxecto non inclúese dentro das áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia nas que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.
6. A actuación prevista, seguindo a traza da gabiá do cableado , cruza as seguintes canles fluviais:

Regato / río	Distancia
Rego dos Carballos	a uns 428 m ao N do AE SF-1)
Regueiro do Navallo	a uns 378 m, 553 m e 171 m ao NE dos AE SF-6 e SF-7 e da vía de acceso ao AE SF-7 respectivamente
Regueiro de Rioporto	0 metros
Regueiro da Valín Pena	0 metros
Regueiro Val de Madre	0 metros
Regueiro de Redesis	(a uns 463 m ao S do AE SF-5)
Rego da Pasada	0 metros
Rego de Cerdeiroa	0 metros
Afluyente innominado do rego da Pasada	0 metros

7. De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios (*):

Código UE	Prioritario	Denominación
4030	Non	Uceiras secas europeas
9230	Non	Robledales galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
4090	Non	Uceiras oromediterráneas con toxo.





8. No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.
9. Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, as cuadrículas nas que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 "29TPH45" "29TPH44" "29TPH55" "29TPH54"), correspóndese coa área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

❖ Flora

Especie	CGEA
<i>Arabis juresii</i>	V
<i>Campanula adsurgens</i>	V
<i>Zygodon conoideus</i>	E

Non obstante, información máis detallada como a proporcionada polo Atlas da flora vascular ameazada de España (cuadrículas 1x1) non determina a presenza, na zona da actuación, de ningunha especie da flora ameazada Fauna

❖ Fauna

Especie	CGEA
ANFIBIOS	
<i>Chioglossa lusitanica</i>	V
<i>Rana iberica</i>	V
<i>Hyla arborea</i>	V
<i>Discoglossus galganoi</i>	V(2)
<i>Rana temporaria</i>	V
INVERTEBRADOS	
<i>Elona quimperiana</i>	E
REPTIL	
<i>Iberolacerta monticola</i>	V(4)
AVES	
<i>Milvus milvus</i>	E
<i>Gallinago gallinago</i>	E(1)
<i>Vanellus vanellus</i>	E(1)
<i>Scolopax rusticola</i>	V (1)





Especie	CGEA
<i>Circus pygargus</i>	V
<i>Circus cyaneus</i>	V
MAMÍFEROS	
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V
<i>Galemys pyrenaicus</i>	V
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	V

(E) En perigo de extinción.

(V) Vulnerable.

(1) Poboación nidificante.

(2) Poboacións insulares.

(3) Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro: dende cabo Ortegal ata as illas Sisargas, Cantábrico: de cabo Ortegal ata o río Eo, incluído.

(4) Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense.

(5) spp. *schoeniculus*.

Cabe indicar para o *Vanellus vanellus* que, segundo o "Atlas de aves reproductoras" publicado polo MITECO en 2003, non é previsible encontrar parellas nidificantes nesta zona.

10. O proxecto non está incluído dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas.

11. A zona de actuación non se localiza dentro do ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

12. Con respecto ao EsIA do parque eólico cabe facer as seguintes observacións por parte desta dirección xeral:

- ❖ Tanto para a flora como para os hábitats de interese comunitario non se refire a realización dun inventario de campo, e por conseguinte tampouco se describe este, metodoloxía, material e métodos, resultados, datas de realización, etc.
- ❖ Para o estudo de vexetación se sinala que se fixo traballo de campo pero ao igual que no caso precedente non describe a metodoloxía, material e métodos, resultados, datas de realización, etc.

Así mesmo o estudo de vexetación é xenérico non identificándose asociacións vexetais concretas ou comunidades, nin tampouco hábitats. Tal e así que nas designacións efectuadas, por exemplo matogueira, entran moitos tipos de





hábitats, asociacións e comunidades diferentes, e por conseguinte con diferentes valores ecolóxicos, sensibilidade e vulnerabilidade.

- ❖ En relación cos puntos anterior destacar que non hai información adecuada ao respecto da afección sobre ao medio biótico derivado da obrigada xestión das redes primarias das faixas de xestión da biomasa vexetal existente na contorna onde se van a desenvolver as obras, segundo o artigo 20 bis.c) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- ❖ No EsIA coméntase que se realizou un ciclo anual completo de avifauna pero non se dan datos concretos da información relativa as saídas de campo, tratamento desta información e análise e valoración desta. Se descoñecese por tanto datos concretos ou xenerais da información recopilada en cada transepto e punto de observación.

Tampouco se presentan mapas dos avistamentos coas zonas de máxima probabilidade de aparición por especies, con especial atención ás protexidas e máis sensibles (densidades Kernel ou similar).

- ❖ No EsIA coméntase que se realizou un ciclo completo de quirópteros pero non especifica a información cronolóxica dos mostreos, nin outros datos, entre eles os resultados obtidos, e o tratamento destes, sendo os únicos datos ofrecidos os derivados da recompilación bibliográfica.
- ❖ Non se refiren inventarios en altura de quirópteros.
- ❖ De acordo cos puntos anteriores, constátase que o promotor non acredita a ausencia de impactos determinantes sobre o patrimonio natural e a biodiversidade.

IV. Conclusións.

Á vista dos antecedentes e da análise da documentación, conclúese que **o estudo de impacto ambiental presenta carencias acusadas que impiden dar por válida a identificación, descrición, análise e/o cuantificación feita dos posibles**



efectos significativos do proxecto sobre o conxunto de elementos do patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emítese informe desfavorable.

É necesario engadir que é responsabilidade do promotor, de acordo co establecido no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a elaboración do estudo de impacto ambiental.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

